

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 25/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións por Concorrenca Competitiva

O Alcalde acorda o seguinte:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Proposta da traballadora social de aprobación das bases reguladoras das subvencións de apoio á natalidade do concello das Somozas 2026.

2.- Plan estratéxico de subvención 2024-2026 liña 3 onde se recollen como obxectivo específico e estratéxico , apoiar economicamente e de forma directa ás familias, para afrontar os condicionantes económicos que o nacemento ou adopción dun fillo implica Lexislación aplicable e ámbito competencial.

Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local.

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, que habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia no que se establece no seu artigo 8 , a competencia local para realización de programas relacionados coas familias.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3

Vista a proposta de resolución PR/2026/31 de 30 de xaneiro de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 30 de xaneiro de 2026.

En virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLUCIÓN

Esta alcaldía acorda :



Primeiro :Aprobar as bases reguladoras das subvencións de apoio á natalidade do concello das Somozas 2026

Segundo: Publicar na Base Nacional de Subvencións as bases de axudas á natalidade do concello das Somozas 2026, o prazo de solicitude será dende o día seguinte a publicación das bases no BOP ata o día 31 de marzo de 2027 en relación ós nados dende o día 01/01 /2026 ata 31/12/2026.

ANEXO: BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DE APOIO Á NATALIDADE DO CONCELLO DE AS SOMOZAS 2026

Artigo 1.–Obxecto.

O obxecto destas bases é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas ás familias do Concello de As Somozas durante a anualidade de 2026, cunha dobre finalidade, o fomento da natalidade como medida complementaria de apoio ás familias e a fixación de poboación no termo municipal.

Estas axudas están contempladas no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de As Somozas 2024-2026 publicado no BOP do día 03/01/2024 co seguinte desglose :

LIÑA 3. Subvencións en educación e promoción da infancia e xuventude e integración social

Artigo 2.–Natureza e contía da axuda.

1. Segundo o establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas que se outorguen conforme a presente ordenanza terán a natureza de subvención directa.

2. As axudas terán as contías que de seguido se indican, para os/as nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026:

- 1.000,00 euros polo/a primeiro/a fillo/a nado/a, adoptado/a ou acollido/a.
- 2.000,00 euros polo/a primeiro/a fillo/a nado/a, adoptado/a ou acollido/a, en caso de padecer unha discapacidade.
- 2.000,00 euros polo/a segundo/a e sucesivos/as fillos/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as.
- 3.000,00 euros polo/a segundo/a e sucesivos/as fillos/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as, en caso de padecer unha discapacidade.

Artigo 3.–Persoas beneficiarias.

Terán a condición de persoas beneficiarias na data da solicitude da axuda:



1. Beneficiarios conxuntos, serán os proxenitores ou adoptantes, titulares do libro de familia ou documento substitutorio, no que figure rexistralmente o nacemento ou adopción do menor.
2. No caso de que no libro de familia figure un só proxenitor/a ou adoptante, será esta a única persoa beneficiaria.
3. Terá a consideración de persoa beneficiaria un só proxenitor ou adoptante que conviva co menor que motiva a axuda, nos casos de nulidade, separación ou divorcio.
4. No caso de custodia compartida, só poderá ser persoa beneficiaria un dos proxenitores ou adoptantes.
5. No caso de acollemento familiar, serán persoas beneficiarias as que consten na resolución de acollemento.

En ningún caso poderán ser persoas beneficiarias os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos e fillas ou o se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Artigo 4.–Requisitos.

1. Os pais/nais, titores ou acolledores, ou polo menos un dos proxenitores, así como o menor nado, adoptado ou acollido, deberán estar empadroados no Concello de As Somozas cunha antelación mínima de doce meses antes do parto.
2. Os menores nados, adoptados ou acollidos, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de As Somozas.
3. A persoa ou persoas solicitantes da axuda deberán comprometerse a seguir empadroados no concello, tanto eles como os menores obxecto da axuda, por un período mínimo de 3 anos dende a data da concesión de algunha das axudas recollidas nas presentes bases. O empadramento suporá a residencia efectiva no termo municipal de As Somozas, segundo o recollido no artigo 15 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello de As Somozas solicitando os informes oportunos.
4. Que o menor conviva coa persoa solicitante.
5. Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e de non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello das Somozas, segundo o modelo establecido.
6. Estar ao corrente cos obrigas tributarias coa Seguridade Social e coas Administracións Tributaria Estatal, da Comunidade Autónoma e Local.

Artigo 5.–Solicitudes, lugar e prazo de presentación.



1.- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, na sede electrónica do concello de As Somozas: <https://assomozas.sedelectronica.gal> , no Rexistro do Concello ou calquera outro dos lugares habilitados ao efecto, co modelo de solicitude contido no Anexo I das presentes Bases.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) DNI dos pais, titores ou acolletores do menor.
- b) Fotocopia do libro de familiar ou documentación substitutiva.
- c) Copia do acto xudicial de adopción, de ser o caso.
- d) Copia da resolución de acollemento familiar, de ser o caso.
- e) Volante de empadramento colectivo, onde conste a data de inscrición do menor, no caso de non outorgar autorización para a súa consulta.
- f) Copia da resolución xudicial que estableza a quen corresponde a garda e custodia do menor, nos casos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.
- g) Certificado de IBAN bancario no que constará como titular a persoa solicitante.
- h) Compromiso de continuar empadroados no Concello de As Somozas, segundo o anexo II.
- i) Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos precisos para ser persoa beneficiaria da mesma, ou ben cando sexa declarado por parte do Concello de As Somozas que non se cumpre con algún dos requisitos da presente convocatoria.
- j) Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, Administración Tributaria Estatal, da Comunidade Autónoma e Local, no caso de non outorgar autorización para a súa consulta.

2.- As solicitudes presentaranse no prazo máximo de 3 meses dende o nacemento, resolución xudicial de adopción ou resolución administrativa de acollemento, e dentro do periodo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Para aquelas solicitudes para nacementos do ultimo trimestre do ano 2026 o prazo de solicitude será ata o día 31/3/2027

Artigo 6.-Instrución e procedemento.

Os servizos sociais do concello de As Somozas comprobarán que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nas presentes bases. De non ser así requiriráselle a persoa interesada, para que no prazo de 10 días, emende ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que non ser así, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 38/2015, do 1 de outubro, se entenderá que desiste da súa solicitude.



O persoal técnico de servizos sociais elaborará un informe-proposta que será elevado ao órgano competente para ditar resolución definitiva. O prazo máximo para resolver será de tres meses, dende a data de presentación da solicitude.

Transcorrido dito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda.

Serán causas de denegación:

- Non cumprir algún dos requisitos establecidos nas presentes bases
- Presentar a solicitude fora de prazo
- Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida establecida para esta finalidade.
- Falsidade documental.

Contra a resolución poderán interpoñerse os recursos pertinentes segundo a lexislación vixente, tendo en conta que ésta pon fin a vía administrativa.

Artigo 7.- Financiación.

As axudas comprendidas na presente convocatoria financiaranse con cargo a aplicación orzamentaria 2026-231-48000 do orzamento municipal para 2026, ata un total máximo de 5.000,00 €.

Esa aplicación poderá ser ampliada se fose necesario, en aplicación da normativa orzamentaria das entidades locais.

Artigo 8.-Compatibilidade con outras axudas.

Está axuda será compatible con calquera outra establecida polas administración públicas ou calquera dos seus organismos.

Artigo 9.-Deberes das persoas beneficiarias.

A presentación da solicitude supón a aceptación das presentes bases, quedando as persoas solicitantes obrigadas a comunicar ao Concello das Somozas calquera circunstancia que modifique os requisitos declarados para obter a axuda. Quedan obrigadas tamén a reintegrar a axuda concedida cando se incumplan os requisitos para a súa concesión establecidos na presente bases.

Calquera falsidade que se detecte dará lugar á inmediata devolución da axuda percibida, cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se poideran esixir.

Artigo 10.-Infraccións e sancións.



Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 11.–Normativa supletoria.

En todo o non previsto nestas bases aplicarase o disposto nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións e demais normativa de réxime local aplicable.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

